

MATERIA
Teoría do Dereito

TITULACIÓN
Grao en Dereito

unidade
didáctica
8

Ciencias Sociais e Xurídicas

A interpretación do dereito

Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

Departamento de Dereito Público Especial
Facultade de Dereito

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-16533-37-4

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416533374>

MATERIA: Teoría do Dereito

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Filosofía e Teoría do Dereito

O dereito como obxecto de estudo

A Teoría do Dereito e as materias afíns

Unidade II. O pensamento xurídico na Historia

Evolución do pensamento xurídico

O iusnaturalismo. Doutrina e variantes. Críticas e defensas

O positivismo xurídico e as doutrinas empiristas sobre o dereito

Unidade III. A Ciencia do dereito

Concepto, características e utilidade da ciencia xurídica

Modelos de ciencia xurídica

Unidade IV. O concepto de dereito

A natureza e a definición do dereito

Elementos e caracteres do dereito

Unidade V. O dereito e outras ordes normativas

A demarcación do dereito

O dereito e a moral

O dereito e os usos sociais

Unidade VI. A norma xurídica

Natureza, estrutura e clasificación das normas xurídicas

Validez e aplicabilidade das normas xurídicas

Eficacia e vixencia das normas xurídicas

Lexitimidade e xustificación das normas xurídicas

Unidade VII. O ordenamento xurídico

O carácter sistemático do ordenamento xurídico

As fontes do dereito

A unidade e a coherencia do ordenamento xurídico

A plenitude do ordenamento xurídico e a integración das lagoas

Unidade VIII. A interpretación do dereito

Concepto e natureza da interpretación xurídica

Necesidade, función e finalidade da interpretación xurídica

Metodoloxía da interpretación xurídica

Unidade IX. A aplicación do dereito

Natureza e modelos da aplicación do dereito

A xustificación e control das decisións xurídicas

Unidade X. Conceptos xurídicos fundamentais

O dereito subxectivo e as posicións xurídicas subxectivas
Outros conceptos xurídicos

Unidade XI. A seguridade xurídica

A seguridade como fin e efecto do dereito
Elementos da seguridade xurídica

Unidade XII. A xustiza e o dereito. Os dereitos humanos

O valor moral do dereito e a idea de xustiza
Concepto e evolución dos dereitos humanos

Unidade XIII. A obediencia ao dereito

O deber de obediencia ao dereito
A desobediencia civil e a obxección de conciencia

Unidade XIV. Dereito e sociedade. A eficacia do dereito

As funcións sociais do dereito
A eficacia do dereito

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

METODOLOXÍA

CONTIDO

1. Concepto e natureza da interpretación xurídica
 - 1.1. Concepto e aspectos
 - 1.1.1. Concepto
 - 1.1.2. Aspectos
 - 1.2. Obxecto
 - 1.3. Axentes e circunstancias
 - 1.4. Natureza
 - 1.5. Produto
2. Necesidade, función e finalidade da interpretación xurídica
 - 2.1. Necesidade
 - 2.2. Función
 - 2.2.1. Actitudes particularista e metódica
 - 2.2.2. Actitudes instrumentalista e epistémica
 - 2.3. Finalidade
 - 2.3.1. Doutrinas subxectiva e obxectiva
 - 2.3.2. Doutrinas orixinalista e evolutiva
 - 2.3.3. Doutrinas declarativa e reconstrutiva
3. Metodoloxía da interpretación xurídica
 - 3.1. Presupostos
 - 3.2. Materiais
 - 3.3. Instrumentos
 - 3.4. Pautas
 - 3.4.1. Directrices hermenéuticas: os canons interpretativos
 - 3.4.2. Razóns xustificativas: os argumentos interpretativos

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- Preguntas para responder nas clases interactivas
- Exercicios de reflexión

AVALIACIÓN

RECURSOS

BIBLIOGRAFÍA

- Manuais e textos introdutorios
- Obras de referencia
- Monografías

PRESENTACIÓN

A Teoría do Dereito é unha indagación filosófica sobre a natureza e os caracteres do dereito, e como tal é unha parte da Filosofía do Dereito, que se interesa polo fenómeno xurídico en xeral. O dereito é unha realidade complexa: consiste fundamentalmente en normas que regulan condutas e organizan a vida social, pero tamén en feitos e ideais asociados a ditas normas, coas cales interactúan. Estes feitos son as prácticas individuais e sociais de creación, identificación, interpretación, seguimento e aplicación das normas xurídicas. Os ideais son os fins e valores que os partícipes nesas prácticas queren satisfacer con elas. Por tanto, comprender e analizar a natureza e os caracteres do dereito require estudar conxuntamente os seus elementos normativos, as súas pretensións valorativas e as súas manifestacións empíricas, así como a relación entre todas estas facetas.

A materia *Teoría do Dereito* do plan de estudos do Grao en Dereito está concibida como unha introdución filosófica ao dereito, na que se examinan os seus caracteres distintivos normativos, valorativos e empíricos, e a súa integración efectiva. Pois ben, unha das prácticas máis salientables e características do fenómeno xurídico é a interpretación das leis e doutras disposicións normativas. Nesta actividade –e no produto resultante– converxen de seu os elementos normativos, valorativos e empíricos do dereito; e polo tanto entender a interpretación xurídica é un xeito de entender o dereito mesmo. En consecuencia, a interpretación é un tema central e ineludible en calquera programación da materia *Teoría do Dereito*, como pode apreciarse en todos os plans de estudo que a conteñen e nos libros que a ensinan e discuten.

Como a interpretación do dereito replica a complexidade do propio dereito, o seu estudo e análise admite numerosos puntos de vista e métodos, non sempre compatibles entre si. O enfoque que adopta esta Unidade Didáctica é introdutorio: trátase de dar a coñecer unha serie de aspectos da interpretación xurídica e os principais problemas e debates que suscitan. O obxectivo básico desta perspectiva panorámica é fornecer elementos de xuízo para formarse unha imaxe fiel da interpretación do dereito e das opcións asociadas a ela, que á súa vez poida dar froito a novo coñecemento e sustentar unha avaliación crítica do dereito e dos métodos dos xuristas.

Finalmente, antes de entrármonos nesta Unidade interesa facer unha consideración sobre o carácter teórico da materia. Importa decatarse de que as análises e discusións que fai a Teoría do Dereito teñen relevancia práctica, directa ou indirectamente; e isto é doado de comprobar no tema da interpretación xurídica. Como veremos, boa parte dos debates doutriniais neste tema repercuten nos resultados interpretativos, e polo tanto no propio contido do dereito aplicable e aplicado aos casos reais. As doutrinas sobre a interpretación xurídica son propostas teóricas, pero son tamén, ao mesmo tempo, ferramentas da práctica xurídica. Un bo xurista non só ten que interpretar o dereito competentemente, senón tamén saber como e por que o fai.

OBXECTIVOS**Obxectivos xerais da materia**

- Adquirir conceptos e estratexias para analizar as diversas manifestacións do fenómeno xurídico (normativas, axiolóxicas e empíricas).
- Tomar conciencia das controversias sobre a natureza e elementos do dereito e sobre os métodos dos xuristas.
- Entender textos normativos xurídicos e saber aplicalos a situacións e conflitos sociais.
- Avaliar a práctica xurídica con criterios sistemáticos e contrastados.

Obxectivos específicos da UD

- Achegarse ao concepto de interpretación xurídica e ao debate sobre a súa natureza e funcións.
- Recoñecer os aspectos da interpretación xurídica e a súa conexión, así como as principais teorías descritivas e prescritivas sobre eles.
- Percibir as características peculiares da interpretación xurídica en función dos axentes que a desenvolven e das circunstancias que ten lugar.
- Coñecer e distinguir métodos para interpretar o dereito, e ter criterios para escoller entre elas.
- Avaliar sistematicamente as interpretacións xurídicas alleas e propias.

METODOLOXÍA

A docencia desta unidade didáctica desenvolverase fundamentalmente en clases expositivas e interactivas, co apoio de ferramentas complementarias. A previsión é dedicar a cada tipo tres clases: dúas de 90 minutos e unha de 60 minutos.

Nas clases expositivas presentaranse ao alumnado os conceptos e contidos claves da unidade, co apoio dunha presentación visual e con remisión a obras de referencia e manuais de Teoría do Dereito, nos que está abundantemente tratada. Así mesmo, mostraranse exemplos de textos xurídicos interpretados en resolucións xudiciais para que o alumnado pense e discuta as posibles solucións interpretativas e perciba a diferenza práctica das doutrinas e técnicas aplicables.

Nas clases interactivas cada alumno e alumna deberá presentar a súa resposta a unha pregunta relativa á Unidade previamente asignada por sorteo. O alumnado deberá preparar a resposta con antelación á clase e entregar nela unha folla (unha) que a resume, que conteña os datos, argumentos, exemplos e conclusións máis significativos. Propóranse varias preguntas de xeito que cada unha delas sexa respondida por entre dous e cinco alumnos/as. Cada alumno/a terá uns dez minutos para presentar a súa resposta, e a cada presentación, ou no seu caso ás presentacións relativas á mesma pregunta, seguirá un diálogo co profesor e co resto da clase. Facilitarase o uso de tecnoloxías de presentación visual.

Complementariamente ás clases presenciais, empregarase o Campus Virtual como ferramenta de apoio docente. Nesta plataforma poranse a disposición do

alumnado esta Unidade Didáctica, textos, exemplos de lexislación e xurisprudencia e outros recursos para informarse sobre o tema e preparar as actividades.

CONTIDO

1. Concepto e natureza da interpretación xurídica

Neste primeiro punto achegarémonos ao concepto da interpretación xurídica, para o que cómpre ter en conta as acepcións e aspectos do termo, as concepcións sobre o seu obxecto, as modalidades que ten segundo os axentes e as circunstancias, as teorías que describen a súa natureza, e os tipos de produtos que crea

1.1. Concepto e aspectos

1.1.1. Concepto

A interpretación do dereito é un factor determinante do seu contido e obxecto de atención constante por parte dos xuristas e doutros estudosos do fenómeno xurídico. Por «interpretación» enténdense cousas moi diferentes, e cada unha delas de modo moi diferente, polo que non pode sorprender que haxa moitas maneiras de achegarse á interpretación xurídica e aos problemas que suscita, e moitas teorías para describila, explicala, xustificala ou orientala. Unha parte das controversias, e algunhas confusións, débense a que «interpretación» é un termo con máis dun significado ou acepción na linguaxe; en cambio outras discusións son de fondo e se deben a diferenzas teóricas e ideolóxicas na descrición e na avaliación da actividade interpretativa. Por esta razón, o primeiro que debemos facer é **despexar algunhas ambigüidades** sobre o termo, para ter unha base algo máis sólida na que construír a nosa imaxe do concepto (ver [Guastini, 1999](#)).

Unha primeira ambigüidade dáse porque «interpretación» designa tanto unha actividade ou **proceso** como o resultado ou **produto** dela. Así, dicir que «unha boa interpretación dun texto declara o significado que tiña para quen o redactou» pode dar a entender dúas cousas –ambas polémicas, por certo– segundo se o criterio de avaliación se refire a actividade dos intérpretes ou ao produto resultante. Como normalmente o contexto fai doado distinguir unha acepción de outra, esta ambigüidade non é especialmente problemática, pero cómpre ser consciente dela.

Unha segunda ambigüidade débese a que «interpretación» pode entenderse con distinto grao de especificidade. En sentido moi amplo é **calquera atribución de significado**, e polo tanto calquera obxecto susceptible de telo pode ser interpretado (unha pintura, unha partitura, unha paisaxe...). Non obstante, no ámbito xurídico a interpretación adoita ter un sentido menos amplo, referido unicamente a textos normativos (a Constitución, as leis...); e ás veces un sentido máis estrito, referido especificamente aos **«casos difíciles»**, suscitados por textos que ou non teñen un significado lingüístico claro ou téñeno conflictivo. Esta última ambigüidade explica parte da controversia que causa o dito xurídico «*In claris non fit interpretatio*» (cando

hai claridade non se precisa interpretación). Quen cre que a comprensión lingüística é unha parte da interpretación xurídica non pode aceptar ese dito, porque tamén os textos claros hai que comprendelos. En cambio o dito ten máis sentido para quen cre que a interpretación xurídica ten lugar logo de entender o texto: recomenda como pauta que se hai un significado claro o intérprete o respecte e non trate de corrixilo.

Hai máis ambigüidades relativas ao obxecto que explican outras discusións, como veremos, pero podemos xa avanzar que a interpretación xurídica é acción e o efecto de **atribuír significado normativo a un obxecto identificado como fonte do dereito**; e inclúe, por extensión, a propia identificación das fontes do dereito. Esta actividade —e o seu produto— cumpre unha importante función social e presenta numerosos aspectos problemáticos con interese teórico e doutrinal. Responder que é a interpretación xurídica require situar a pregunta no contexto axeitado e tomar posición sobre moitas cuestións polémicas.

1.1.2. Aspectos

Como xa quedou dito, a interpretación do dereito presenta numerosos aspectos potencialmente conflitivos con interese teórico e práctico. Para ordenar e examinar algúns destes aspectos no que segue atenderemos a oito preguntas especialmente relevantes para a análise conceptual, que dan lugar a doce temas de interese que estruturan o contido desta Unidade (ver figura 1):

- que ou *como* é a interpretación xurídica?: en que consiste, cal é a súa **natureza**?
- *que obtén*?: que **produto** resulta dela?
- *que se interpreta*?: cal é **obxecto** da interpretación xurídica?
- *quen interpreta*?: quen son os **axentes** da interpretación xurídica?
- *cando e onde* se interpreta?: en que **circunstancias** ten lugar a interpretación xurídica?
- *por que* se interpreta?: que **necesidade** hai de interpretar? e que función ten?
- *para que* se interpreta?: cal é a **finalidade** de interpretar?; e
- *como opera*?: con que **presupostos, materiais, instrumentos e pautas** funciona?

O estudo destes aspectos faise con moi diferentes enfoques, polo que hai múltiples discusións e formulacións teóricas. Non obstante, hai unha distinción fundamental que cómpre ter sempre presente. Por unha banda están as **teorías descritivas**, que resultan dunha perspectiva metodolóxica observacional e analítica cuxo propósito é comprender e expor a natureza e as características da interpretación. Por outra banda están as **teorías prescritivas**, que xorden dunha perspectiva valorativa cuxo propósito é someter a crítica e guiar as prácticas interpretativas segundo ideais previamente formulados. Ambos enfoques son complementarios e ás veces é difícil distinguilos, pero metodoloxicamente son moi distintos. As teorías descritivas deben ser independentes das preferencias de quen as formula (o cal pode non ser totalmente posible), e deben ser verificables ou refutables con feitos o polo menos

contrastables con razoamentos. En cambio, as teorías ou doutrinas prescritivas son opcións ideolóxicas e vitais, e por iso non contrastables do mesmo xeito, aínda que poden ser avaliadas pola consistencia e solidez dos seus argumentos.

Figura 1: Aspectos da interpretación xurídica



Fonte: Elaboración propia, simplificado de Rodríguez-Toubes (2014)

1.2. Obxecto

Vimos que a interpretación xurídica pode entenderse, con certa ambigüidade, dun xeito máis ou menos estrito. Na concepción máis ampla pode ser obxecto desta interpretación **calquera entidade cultural**, e incluso natural, que teña un significado xurídico. Con este enfoque fálase de interpretación xurídica de usos e de conviccións sociais ou de condutas individuais. A interpretación dos costumes xurídicos sería un exemplo claro de interpretación do dereito que non ten que ver con textos, pois se atribúe significado normativo a convencións estean ou non escritas. Tamén cabe falar de interpretación xurídica de accións e de situacións para determinar que norma os regula —en que «suposto de feito» normativo poden subsumirse—; aínda que nestes casos adoita falarse de «cualificación» e non de interpretación (os feitos están cualificados polas disposicións que os regulan, e son estas e non aqueles o que propiamente se interpreta). Nunha concepción menos ampla a interpretación xurídica ocúpase unicamente da linguaxe, e o seu obxecto son fundamentalmente

documentos normativos, tales como leis, regulamentos, contratos ou testamentos. Finalmente, na concepción máis estrita son obxecto de interpretación só os **textos conflictivos**, aqueles cuxo sentido xurídico non queda claro coa súa comprensión lingüística.

Con todo, a distinción máis interesante no que atinxe ao obxecto enfronta aos enfoques que podemos chamar idealista e empirista. Para a **concepción idealista** a interpretación do dereito ocúpase dos sentidos ou das ideas con relevancia xurídica. Por exemplo das **normas** (entendidas como prescricións), ou do sentimento ou espírito xurídico dun pobo, ou da vontade dun legislador, ou da intención duns contratantes. Para a **concepción empirista**, en cambio, son obxecto da interpretación xurídica as realidades ou feitos que portan eses sentidos; e máis en concreto textos. Quere isto dicir que se interpretan **disposicións** ou documentos normativos e non «normas», porque en sentido propio as normas son o resultado da interpretación e non o seu obxecto (así o defende Guastini, 1999 e 2014).

Por outra parte, a interpretación do dereito pode ter como obxecto ou interese a totalidade do ordenamento xurídico ou unha porción deste. Na primeira acepción (*interpretatio iuris*) inclúe un amplo abano de actividades, tales como identificar as normas válidas e aplicables, inducir principios xerais, depurar as antinomías ou cubrir as lagoas. Na segunda acepción (*interpretatio legis*) a interpretación fíxase en fontes do dereito específicas, fundamentalmente a «lei» (entendida aquí como disposición escrita). Con todo, na medida en que interpretar unha disposición require poñela en relación co conxunto do ordenamento xurídico, a distinción apuntada é bastante difusa (sobre ela, ver Tarello, 1980).

1.3. Axentes e circunstancias

A interpretación do dereito é unha actividade desempeñada en ocasións e por persoas moi variadas, con efectos diversos en cada caso. Por esta razón ten interese percibir e ordenar as modalidades de interpretación xurídica que existen por razón dos axentes que a realizan e das circunstancias nas que ten lugar.

A interpretación máis significativa é a que realizan as autoridades xurídicas de aplicación. A aplicación autorizada do dereito polos **xuíces e tribunais** e por outros funcionarios do sistema xurídico (por exemplo os empregados das administracións públicas) pode requirir unha previa **decisión** interpretativa que conta co respaldo do propio sistema xurídico (nas condicións e coa firmeza que este dispoña).

Outra modalidade de interpretación xurídica realízana persoas instruídas no dereito en ocasións que non requiren aplicalo senón identificalo ou propolo fundadamente e que, por tanto, non dan lugar a unha decisión senón tan só a un parecer ou **opinión** (ou *ditame*). Inclúese aquí por unha banda a interpretación da **doutrina** xurídica (a dogmática xurídica e o estudo teórico do Dereito); e por outra banda a interpretación dos **operadores** xurídicos e dos **profesionais** do dereito en momentos nos que non o aplican. Neste último grupo hai interpretación *oficial* por letrados e outras autoridades xurídicas (que pode chegar a ser vinculante), e *non oficial*, e normalmente con interese de parte, como a dos avogados.

En terceiro lugar tamén interpretan o dereito acotío os **cidadáns** ao obedecelo ou desobedecelo. O dereito é cumprido ás veces polos seus destinatarios sen ser conscientes del nin interpretalo, por exemplo porque nin sequera coñecen a norma que cumpren. Pero outras veces a cidadanía reacciona ao dereito que interpreta. Ademais, a interpretación cidadá maniféstase nos **costumes xurídicos**, que xorden cando unha comunidade entende unha norma social uniformemente e convencida de que lle vincula como dereito.

Finalmente, outra modalidade de interpretación xurídica é a feita polo propio **lexislador**, coñecida tradicionalmente como *interpretación auténtica*. En ocasións unha autoridade legislativa precisa o significado dunha disposición no ámbito das súas competencias, e por tanto con efectos xurídicos. Hai quen argumenta que a actividade legislativa é unha creación de normas e non unha interpretación. Pero hai casos nos que unha aclaración legislativa é tomada como interpretación, e como tal pode ser anulada por terxiversar unha disposición de rango superior á que a contén; ou pode ter eficacia retroactiva (é dicir, a versión introducida pola nova disposición aplícase a casos anteriores á entrada en vigor desta).

1.4. Natureza

Que é a interpretación xurídica? En que consiste? Estas preguntas tratan sobre o concepto pero tamén sobre a práctica, é dicir, sobre como é de feito. Son preguntas acerca da natureza da interpretación xurídica, e dan lugar a teorías que tratan de **describir** a actividade interpretativa e os seus resultados. Como xa vimos, as teorías sobre a interpretación xurídica adoitan combinar descrición e prescrición, máis convén deslindar ambas as perspectivas.

As *teorías descritivas* da interpretación xurídica son diversas e heteroxéneas. Unha clasificación habitual agrúpaas en teorías *cognoscitivistas* (ou «formalistas»), *escépticas* e intermedias ou *eclécticas*. Unha **teoría cognoscitivista** sostén que a interpretación xurídica persegue e obtén enunciados descritivos sobre a realidade xurídica que son susceptibles de ser verdadeiros ou falsos. Esta tese presupón que hai un dereito preexistente á interpretación, que o intérprete recoñece e declara con máis ou menos éxito. Segundo isto, a interpretación **constata** un significado, ou ben cunha captación ou aprehensión intuitiva ou ben cunha elucidación ou construción racional. Unha **teoría escéptica** nega o anterior, porque ve a interpretación como un acto de vontade máis que de coñecemento, cuxo produto é unha norma ou unha proposta normativa que non son nin verdadeiras nin falsas. Para esas teorías a interpretación **adscribe** un significado, xa sexa creando un novo ou decidindo entre posibles opcións interpretativas. A epistemoloxía escéptica non presupón ningunha tese sobre a natureza do dereito, pois non é preciso ser escéptico sobre a existencia de normas xurídicas para ser escéptico sobre a posibilidade de coñecelas. No medio, as **teorías eclécticas** din que a interpretación xurídica é nalgúns casos un acto de coñecemento (acertado ou errado) e noutros un acto de vontade. Isto pode suceder porque o dereito en xeral é ás veces claro e outras non; ou porque algúns casos en concreto teñen unha solución xurídica clara e outros non. A posición ecléctica conta

con poderosos argumentos e defensores (como Hart, 1961), mais tamén abundan os escépticos (como Guastini, 2014).

A pregunta pola natureza da interpretación suscita así mesmo a cuestión do modelo ou **ideal interpretativo**: cando unha interpretación está xustificada? Neste aspecto, as teorías sobre a interpretación xurídica poden tomar como criterio de xustificación a verdade ou outro tipo de validez. No primeiro caso a interpretación xurídica está xustificada só se é **verdadeira**; polo que este ideal presupón unha tese epistemolóxica cognoscitivista. Para o segundo grupo, unha interpretación está xustificada cando é **correcta** ou **boa** segundo algún estándar distinto da verdade; por exemplo por ser racional, moral, ou lexítima.

Hai interpretacións xurídicas verdadeiras? Cando o dereito é incerto respecto dun caso pode dicirse indistintamente que ningunha resposta é verdade ou que máis dunha son correctas. Pero nalgúns casos hai unha única resposta xurídica correcta e dala é dicir a verdade sobre o dereito. Por exemplo, é verdade que hoxe (2015) en España a pena de morte non é un castigo legalmente admisible.

1.5. Produto

Como vimos, interpretación xurídica é tanto o proceso como o seu resultado. A identificación e descrición do produto da interpretación garda relación directa coas teorías sobre a natureza da actividade, e por tanto non pode ser pacífica. Con todo, cabe distinguir tres clases de produtos na interpretación xurídica.

Primeiro a **norma** ou imaxe mental en que consiste o significado obtido, o contido normativo que se extrae da disposición interpretada. Como se dixo, a norma é propiamente —na concepción empirista— o resultado da interpretación xurídica e non o seu obxecto. Unha disposición imprecisa pode ser entendida como normas diferentes, dúas disposicións conexas poden ser entendidas conxuntamente como unha única norma, etc. A interpretación xurídica clasifícase polo seu resultado en tres tipos, segundo a norma ou significado normativo que se atribúe aos documentos interpretados: *estrita* ou declarativa (cando conserva o significado que tipicamente ten para a comunidade de referencia, normalmente os xuristas); *restritiva* (cando se lle da un significado que exclúe casos normalmente admitidos); e *extensiva* (cando o significado inclúe casos normalmente excluídos).

Segundo, o **enunciado interpretativo** que comunica coa linguaxe o resultado da interpretación. Un enunciado interpretativo é principalmente a afirmación dun significado para unha determinada disposición ou «fonte» xurídica. En esquema, afirma que «A disposición *D* significa *N*», onde *N* representa tipicamente unha norma ou prescrición xurídica. Agora ben, como os enunciados interpretativos poden expresar cousas moi distintas en función de como e para que son emitidos, hai distintas teorías sobre eles. Para algúns teóricos os enunciados interpretativos informan dun significado e por iso son *asercións* (v.gr. Hernández Marín, 1999: 30). Para outros, en cambio, aínda que os enunciados interpretativos sobre o dereito poden usarse para informar, máis a miúdo *adscriben* un significado decidido ou

creado polo intérprete (v.gr. Guastini, 1999). E cando o enunciado interpretativo endosa carácter normativo ao significado que adscribe, o que expresa é unha norma ou *prescrición*. Este contido expresivo depende en último termo da actitude ou punto de vista (de aprobación, aceptación, desapego...) que adopta o intérprete respecto do significado que propón.

Terceiro, o razoamento polo que se determina o significado da disposición, e a **motivación** ou conxunto de argumentos que o recolle. A motivación é obrigada nas sentenzas (artigo 120.3 CE), e unha práctica hoxe inescusable para calquera xurista, pois o mérito dunha interpretación depende dos argumentos que a sustentan (pero os seus efectos usualmente dependen máis da autoridade que a ampara).

O artigo 20.1.c) CE que garante «a liberdade de cátedra», dispón en sentido estrito unha norma aplicable só ao ensino universitario. Cunha interpretación extensiva sería unha norma aplicable tamén ao ensino secundario, e cunha restritiva só ás Universidades públicas mais non ás privadas con ideario educativo explícito. É discutible se pode ou non afirmarse o que di de verdade o artigo, pero a resposta que se dea será xulgada pola xustificación ou motivación coa que se fundamente.

2. Necesidade, función e finalidade da interpretación xurídica

Neste apartado veremos as cuestións relativas á xustificación da interpretación do dereito —necesidade, función e finalidade— e as doutrinas sobre como debe ser.

2.1. Necesidade

A interpretación do dereito é necesaria por varias causas, entre as que destacan tres grupos. En primeiro lugar, a **complexidade do dereito**. Para «dicir o dereito» nun caso dado hai que escoller a norma aplicable entre moitas que o concirnen e especificar o seu contido para que poida ter efectos prácticos. Identificar e seleccionar a norma relevante, o paso do xeral ao particular, require a interpretación. Recoñecer que normas forman un ordenamento xurídico nun momento dado, cal é a relación entre elas e a súa eventual xerarquía, ou como e cando unha solución normativa impoñe sobre outras ou se estende a casos imprevistos, entre outros moitos problemas, require aplicar criterios de demarcación do ámbito xurídico e de individuación, validez, vixencia temporal, aplicabilidade e implicación lóxica de normas, os cales teñen a miúdo gran complexidade e esixen un labor interpretativo.

En segundo lugar, a **imprecisión da linguaxe** en que se comunica o dereito. A linguaxe natural caracterízase pola súa indeterminación, debida á ambigüidade e á vaguidade no significado de moitos termos e expresións e construcións sintácticas. Como subliñou Hart (1961), a miúdo as palabras teñen un «núcleo de certeza» no que o seu significado é claro, e unha «zona de penumbra» na que é dubidoso. É necesario interpretar os textos xurídicos para despexar as ambigüidades e vaguidades alí onde

as haxa. Cousa distinta é que sexa necesario interpretar os textos claros, o cal vimos que algúns consideran inevitable pero outros negan (como Marmor 1992, cap. 2).

En terceiro lugar, a interpretación xurídica é tamén necesaria pola existencia de **conflicto e cambio na sociedade**. Hai desacordos sociais importantes respecto das funcións que debe cumprir o dereito e dos fins que debe perseguir, o cal impide que o seu contido sexa evidente. Identificar as normas xurídicas e precisar o seu contido require tomar posición sobre dilemas da vida en sociedade, e a interpretación é a canle para introducir estas valoracións subxectivas e conflitivas sobre problemas de carácter social. Por outra banda, a realidade na que actúa o dereito é cambiante e este cambio debe ser afrontado. A sociedade evoluciona en canto ás súas estruturas organizativas, ás súas ideas predominantes, aos seus recursos materiais, etc.; polo que a interpretación é necesaria para asegurarse que unha disposición promulgada nun contexto diferente ao actual se entende adecuadamente.

«O domicilio é inviolable», di o artigo 18.2 CE; mais que é un domicilio? Incluí unha habitación de hotel? Segundo o Tribunal Constitucional un domicilio é un espazo apto para desenvolver a vida privada e destinado a iso, polo que unha habitación de hotel entra no ámbito de eficacia do artigo (STC 10/2002).

2.2. Función

Como a interpretación do dereito é unha actividade necesaria, é evidente que ten unha importante función e utilidade social. Non obstante, a resposta a cal sexa esta función depende da actitude que se adopte. Estas actitudes tamén poden ser moi heteroxéneas; pero hai dúas tensións especialmente significativas.

2.2.1. Actitudes particularista e metódica

A primeira tensión ten dun lado a quen –sempre ou nalgún momento– toman a interpretación xurídica como unha oportunidade para conseguir o mellor resultado na situación concreta. Adoptan unha actitude **particularista** ou *ad hoc* respecto da interpretación, porque a súa estratexia interpretativa está determinada polo resultado específico desexado en cada caso particular. Algúns observadores din que esta actitude *ad hoc* domina a interpretación xurídica: os xuristas empregan uns criterios ou unhas técnicas en lugar doutros porque lles permiten conseguir o que desexan e non por unha opción metodolóxica previa (por exemplo, Segura 2003: 114). Pero é inverosímil que os xuristas sexan sempre insinceros cando alegan motivos metodolóxicos para as súas opcións interpretativas, mesmo manifestando que estas lles parecen indesexables.

Doutro lado están quen teñen unha actitude universalista ou **metódica**, porque se propoñen basear a súa tarefa interpretativa en regras xerais, que sirvan non só aos casos concretos nas que son inicialmente aplicadas senón tamén a outros casos futuros que comparten os mesmos trazos relevantes. Este enfoque dá importancia á igualdade na aplicación da lei, que rexeita as solucións caprichosas e arbitrarias.

Pode un mesmo xuíz ou tribunal decidir de xeito distinto casos substancialmente iguais? Segundo o Tribunal Constitucional o artigo 14 CE non o permite cando «a diferenza de tratamento respecto de situacións similares sexa arbitraria, sen que resulte xustificada por un cambio de criterio que poida recoñecerse como tal», fundamentado e que sirva «para decidir en casos semellantes» (STC 90/1993).

2.2.2. Actitudes instrumentalista e epistémica

A segunda tensión no recoñecemento da función da interpretación xurídica ten que ver co fin pragmático ou cognoscitivo que se lle atribúe. Para quen adopta unha actitude **instrumentalista** a función do intérprete é conseguir certos efectos do dereito, tales como xustiza, benestar ou aceptación social. É unha actitude *prospectiva*, porque atende exclusivamente aos efectos futuros. En fronte, a actitude **epistémica** ve como función da interpretación coñecer o dereito pola identificación precisa das súas normas xurídicas. Aquí o intérprete fíxase especialmente no dereito preexistente, explícito ou implícito; pero tamén toma en consideración o futuro, por exemplo para asegurar que a interpretación é compatible co propósito da norma. A actitude epistémica é unha consecuencia de recoñecer a autoridade moral do lexislador (Raz, 1999).

As actitudes sobre o que debe ser a interpretación son independentes das teorías descritivas da natureza da actividade. Por exemplo o realismo xurídico norteamericano sostén que as decisións xudiciais están baseadas nos feitos do caso máis que nas normas ou razóns xurídicas; pero non tanto —como a miúdo se lle atribúe— defende ou recomenda que sexa así, como faría un instrumentalista.

É a función do poder xudicial é recoñecer e aplicar o dereito dado polo lexislador ou complementar a este para acadar un dereito xusto e útil para a sociedade? Os tribunais deciden sobre o contido do dereito nos casos, pero están sometidos «ao imperio da lei» (artigo 117 CE), e ese é o límite da súa lexitimidade.

2.3. Finalidade

Cando preguntamos para que interpretar o dereito tal vez o que queremos saber non é que función cumpre, senón cal é o obxectivo ou finalidade da interpretación, que é o que busca. A este segundo sentido da pregunta contestan as doutrinas ou teorías prescritivas sobre a interpretación xurídica. De novo hai moitas formas de clasificar e de etiquetar esas teorías, e aquí propónse —ademais de ter presentes os enfoques sobre a función, que tamén poden selo sobre a finalidade— recoñecer tres dualidades teóricas, que dan lugar a seis teses (prescritivas) sobre a interpretación xurídica. Como os tres eixos de discusión teñen certa independencia, as seis teses admiten algunhas combinacións, e estas son as doutrinas complexas que na práctica se seguen e defenden.

2.3.1. Doutrinas subxectiva e obxectiva

Unha primeira dualidade debate o modo de respectar ao lexislador e separa ás doutrinas que chamamos *subxectiva* e *obxectiva*. Segundo a doutrina **subxectiva** o intérprete debe dar á disposición o significado que quixo darlle o seu autor. O que importa aquí é a vontade ou intención do lexislador (*a mens legislatoris*); e por iso fábase tamén de doutrina intencionalista ou psicoloxista. Esta opción xustifícase polo respecto á autoridade do lexislador, máis cando ten lexitimidade democrática; pero ten dificultades abondas. Sobre todo é difícil determinar cal é a intención que importa de entre as moitas que usualmente concorren na creación dunha norma, xa sexa porque non hai ningunha motivación clara, porque hai varios obxectivos superpostos ou porque os partícipes no procedemento tiñan distintas intencións.

Segundo a doutrina **obxectiva** o intérprete debe dar á disposición o significado que se desprende do seu texto. Para esta tese importa o que o texto expresa en por si, o que pon de manifesto. A doutrina obxectiva non se despreocupa das intencións, pero en todo caso interésase pola intención ou finalidade que se mostra na propia lei (*voluntas legis*) e non polo que puido querer o seu autor (*voluntas legislatoris*). A xustificación desta doutrina é que respecta as esixencias de publicidade e certeza do dereito, necesarias para cumprir a súa función de control social: as normas xurídicas son fundamentalmente o que parecen. O principal inconveniente é o risco de que o intérprete usurpe a función lexislativa co pretexto dunha lectura obxectiva do texto.

Dos vinte membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, doce os nomea El Rei «entre xuíces e maxistrados» e oito a proposta do Congreso e do Senado (artigo 122.2 CE). É admisible que estes propoñan os vinte? Para responder, importa a intención de quen aprobaron o artigo ou unicamente o que entendemos nós? O Tribunal Constitucional dixo que si é admisible e que os constituíntes o fixeran posible cunha modificación do Anteproxecto, pero que «non podería, en todo caso, entenderse que o texto da Constitución queda vinculado para o futuro por unha opinión máis ou menos clara de quen a fixo» (STC 108/1986).

2.3.2. Doutrinas orixinalista e evolutiva

Unha segunda dualidade enfronta as doutrinas que chamaremos *orixinalista* e *evolutiva*. Segundo a doutrina **orixinalista** debe darse á disposición o significado que tiña cando se promulgou. Xustifícase polo respecto ao dereito dado, que en tanto non é formalmente modificado está vixente tal e como foi creado. Segundo a doutrina **evolutiva** ou dinámica debe dárselle o significado que ten no momento de interpretala e, no seu caso, aplicala. A xustificación é a conveniencia de acelerar a adaptación do dereito ás necesidades sociais sen esperar ao cambio lexislativo.

As teses orixinalista e subxectiva están con frecuencia asociadas, pero non deben confundirse. Hai orixinalistas «textualistas» que rexeitan investigar as intencións subxectivas do lexislador e avogan por unha lectura dos textos en clave histórica obxectiva (por exemplo, Scalia e Garner, 2012). Viceversa, unha teoría

subxectiva da interpretación manterá unha tese evolutiva se toma como vontade do autor da disposición que o seu significado se actualice co tempo; ou se considera que a vontade que determina o significado do texto non é a do lexislador histórico que o promulgou, senón a do lexislador actual que o mantén vixente.

Para responder se a garantía da «intimidade persoal e familiar» do artigo 18.1 CE é compatible coa proliferación de gravacións de vídeo, importa a idea que se tiña sobre a intimidade en 1978 ou a actual? O Tribunal Constitucional parece guiarse pola súa propia percepción do que é razoable ou abusivo (v.gr. [STC 186/2000](#)).

2.3.3. Doutrinas declarativa e reconstrutiva

A terceira dualidade que merece destacarse é a máis fundamental, porque se refire ao sentido mesmo da interpretación e aos presupostos epistemolóxicos e metodolóxicos. Chamaremos ás doutrinas enfrontadas *declarativa* e *reconstrutiva*.

Segundo a doutrina **declarativa** debe darse á disposición o significado que esta comunica aos seus destinatarios, a mensaxe que transmite. Pon a prioridade no que o texto di explicitamente, na «**letra**», aínda que recorre ao contexto cando é preciso. Pode fixarse no que a disposición di ao conxunto dos seus destinatarios (o que a linguaxe común e o contexto natural permiten comprender) ou só aos xuristas especializados na materia (a mensaxe técnica). A doutrina declarativa engloba teses moi distintas e admite unha subdivisión en dous grupos.

Para un grupo o significado depende das convencións lingüísticas que rexen na comunidade de referencia (normalmente a dos operadores xurídicos); e debe darse á disposición o mesmo significado que ten na devandita comunidade. O intérprete indaga o **sentido** mental que ten o texto para certos destinatarios (do presente ou do pasado) e que depende das convencións nas que participan conscientemente. A interpretación declarativa ten en conta o contexto lingüístico (semántico, sintáctico e pragmático), polo que non debe confundirse coa interpretación «literal» no seu sentido máis estrito –e inviable– que desvincula ao texto dos seus contextos.

Para outro grupo o intérprete nalgúns casos debe declarar o significado que a disposición ou ás súas expresións teñen na realidade. A interpretación indaga a **referencia** causal dos termos e expresións, os feitos que designan, e asume que o significado auténtico pode ser descoñecido para toda a comunidade de falantes.

Ninguén pode ser sometido «a penas ou tratos inhumanos ou degradantes» (art. 15 CE); pero que tratos concretos están prohibidos? Obrigar a levar certa roupa? Para responder, importa o que di o artigo ou por que o di? E o que di, depende do que se entende por «degradante» ou do que *de feito* é degradante? Non hai resposta que convenza a todos, pero o significado público é o menos polémico.

Segundo a doutrina **reconstrutiva**, debe darse á disposición o significado que se axusta á súa razón de ser (*ratio legis*), aínda que non sexa o que se desprende do

texto. Pon a prioridade no que o texto di implicitamente, no seu «**espírito**». As diversas propostas para reconstruír o significado xurídico dan lugar a diferentes teorías, que tamén podemos agrupar en dous bloques.

Unha opción é buscar o significado que poida explicarse polo **propósito** que (segundo se conxectura) persegue a disposición ou o ordenamento xurídico. Estamos ante o modelo «teleolóxico» de interpretación, que indaga na finalidade das normas, moi presente na teoría e na práctica xurídicas españolas. É obvio que entender a lei esixe saber que persegue, pero é discutible que o intérprete deba corrixir o sentido convencional do texto cos fins que percibe nel.

Outra opción reconstrutiva é buscar o significado da lei que se xustifica cos **principios** do dereito, e seica tamén da moral, e que integra a norma obtida no conxunto de fontes xurídicas respectando a súa coherencia interna e promovendo os seus mesmos valores (Dworkin 1985).

Teñen dereito a indemnización quen logo de sufrir prisión preventiva «sexan absoltos por inexistencia do feito imputado» (artigo 294 LOPX); pero que ocorre se o feito existiu pero o imputado foi absolto? Debe seguirse a letra da lei ou debe superarse? O Tribunal Supremo (Sala 3ª, Sección 6ª) optou polo segundo (v.gr. [STS de 30/04/1990](#)), pero logo cambiou de criterio (v.gr. [STS 23/11/2010](#)).

3. Metodoloxía da interpretación xurídica

Este apartado atende ao modo no que se desenvolve a práctica interpretativa. Aquí veremos os presupostos dos que parte e as principais preguntas que deben terse presentes ao indagar a resposta xurídica: onde buscala? (en que materiais?), con que buscala? (con que instrumentos?) e como buscala? (con que pautas?).

3.1. Presupostos

Os presupostos da interpretación son as ideas que o intérprete asume consciente ou inconscientemente como fundamentos da súa tarefa. Son marcos conceptuais, predisposicións, postulados, axiomas ou dogmas. Un conxunto importante de presupostos son as **teses ontolóxicas** que o intérprete mantén sobre a natureza do dereito e das fontes xurídicas (que é o dereito?, onde está?, hai unha solución xurídica única para cada caso?); é dicir, a súa Teoría do Dereito, que aquí mostra a súa relevancia. Outros presupostos son de índole política: **ideoloxías** sobre política xurídica que inclinan ao intérprete cara a unhas ou outras das concepcións, actitudes ou teorías que vimos. Así, poden inclinalo cara a solucións interpretativas máis previsibles e conformes a un ideal de certeza xurídica ou cara a outras máis próximas a un ideal de progreso social. E forman parte tamén dos presupostos da interpretación as representacións mentais ou **postulados sobre o lexislador** e sobre a lexislación. Son, por exemplo, o recoñecemento de autoridade ao lexislador; ou o postulado de que o lexislador é racional ou razoable; ou a mesma idea de que hai *un* lexislador, aínda que sexa complexo, a quen atribuír a disposición interpretada.

3.2. Materiais

Asumidos os presupostos da interpretación, a primeira pregunta metodolóxica é: onde indagar? A que criterios ou materiais debe atender o intérprete? A resposta clásica a esta pregunta son os catro **elementos** da interpretación que enumerou no século XIX o xurista alemán Savigny (1840): o **gramatical** ou lingüístico (cuxo obxecto é a linguaxe empregada polo lexislador), o **lóxico** (que atende ás relacións entre as partes da lei), o **histórico** (que indaga a situación xurídica do momento en que naceu a lei) e o **sistemático** (que sitúa a lei no conxunto das institucións e normas xurídicas). Savigny dicía con razón que debe operarse con estes criterios conxuntamente e non como se fosen clases de interpretación alternativas, como ás veces se presentan. Os criterios interpretativos apuntados non son canons que guían en distintas direccións, nin argumentos que xustifican solucións por si sos, senón contextos da disposición que poden servir de apoio ao intérprete e que deben explorarse sucesivamente.

A doutrina actual manexa os criterios propostos por Savigny reformulados e con algúns engadidos, principalmente o criterio «sociolóxico» (que toma en conta o contexto social contemporáneo ao intérprete) e o «teleolóxico» (que ten en conta a finalidade da lei). Pero non se deben confundir os criterios que sinalan os materiais que deben usarse cos que sinalan como deben usarse e con que preferencia. Uns indican os elementos a ter en conta polo intérprete. Por exemplo, ademais dos que sinalou Savigny: a realidade social actual, a filosofía práctica que identifica fins desexables, ou o dereito comparado dos ordenamentos xurídicos afíns. Outros, en cambio, instrúen unha estratexia interpretativa, son pautas ou canons. Por exemplo, recomendan adaptar o dereito ás necesidades sociais, ou atender á finalidade da norma con preferencia ao que declara o texto.

O Tribunal Constitucional na [STC 198/2012](#) dixo que o matrimonio homosexual é compatible co artigo 32 CE, e o motivou con base en varios elementos: o texto do artigo; a historia da súa redacción polas Cortes e os fins que nela se albiscan (a igualdade entre homes e mulleres); a interpretación de preceptos análogos no dereito comparado; a conexión lóxica e sistemática das normas constitucionais; e, sobre todo, a realidade social presente e a cultura xurídica que constrúe.

3.3. Instrumentos

Outra dúbida metodolóxica na investigación do significado dunha disposición xurídica é con que instrumentos ou ferramentas levala a cabo. A resposta é o elenco de técnicas, medios ou «métodos» en sentido estrito que empregan os xuristas. No seu sentido propio, as técnicas da interpretación xurídica son de dúas clases.

En primeiro lugar, a **investigación empírica**, sometida ao método científico, aplicable para pescudar un dato histórico ou lingüístico, constatar a publicación ou o texto dun documento, etc. Réxese por procedementos estándar que en si mesmos non son peculiares no terreo xurídico, aínda que a súa aplicación pode estar suxeita a pautas (limitacións, presuncións...).

En segundo lugar, o **razoamento xurídico**, que aplica a lóxica e a argumentación para extraer conclusións a partir de premisas previamente formuladas. Os xuristas empregan unhas formas de razoamento características que son por antonomasia as «**técnicas da interpretación xurídica**». Estas son un conxunto de razoamentos aos que tipicamente se recorre para identificar o contido do dereito e para xustificar as solucións interpretativas. Trátase dun combinado de regras de inferencia lóxicas ou pseudo-lóxicas e de presupostos normativos que actúan como premisas. Entre elas:

- A **redución ao absurdo** (*reductio ad absurdum*), que desbota unha hipótese interpretativa porque leva a contradicir unha premisa fáctica ou xurídica evidente. Por exemplo, tomar literalmente o regulamento que prohíbe conducir vehículos de motor logo de inxerir «estimulantes» levaría ao absurdo de incluír o café.
- A argumentación **a contrario sensu**, segundo a cal o disposto expresamente para un caso dá implicitamente unha solución distinta a outros casos diferentes. Por exemplo, se está prohibida a entrada a menores de idade, se entende *a contrario sensu* que está permitida aos maiores.
- O razoamento por **analogía**, segundo o cal o disposto expresamente para un caso dá implicitamente a mesma solución a outros casos semellantes. Por exemplo, se está prohibido vender alcohol a menores, por analogía tamén regalalo.
- A argumentación **a fortiori**, segundo a cal o disposto para un caso aplícase a todos os casos nos que a razón para aquela disposición xogue aínda con máis forza. Por exemplo, se está prohibido fumar, *a fortiori* tamén prender unha fogueira.

Polo demais, nun sentido amplo tamén son técnicas da interpretación xurídica os criterios interpretativos e os canons. Os criterios indican *en que* fixarse para interpretar o dereito, e en certo xeito din *con que* interpretalo. Os canons, á súa vez, indican *como* facer para interpretar o dereito, e esas instrucións e normas son ás veces tan detalladas que lle serven ao xurista como instrumentos de traballo.

O emprego dunha técnica ou outra é habitualmente unha opción metodolóxica que depende de preferencias doutrinarias conscientes ou inconscientes —cando máis conscientes, mellor—, e repercute directamente no resultado da interpretación. A analogía e o razoamento *a contrario*, por exemplo, son opcións antagónicas.

«A Administración civil non poderá impoñer sancións que (...) impliquen privación de liberdade» (artigo 24.3 CE). Por analogía, tampouco pode impoñer condicións contractuais que impliquen privación de liberdade. Nin, **a fortiori**, privar de liberdade sen amparo legal ningún. Pero si pode privar de liberdade como medida de seguridade legalmente prevista, porque negalo levaría ao absurdo de prohibir á policía facer detencións. En todo caso, *a contrario sensu*, a Administración militar si pode impoñer sancións privativas de liberdade.

3.4. Pautas

Ao analizarmos a metodoloxía da interpretación xurídica cómpre tamén ter en conta as pautas que rexen nesa práctica e que permiten xustificala. As pautas pode ser de dúas categorías. Por un lado, as **directrices hermenéuticas** son as directivas ou principios activos que gobernan a interpretación dicindo como proceder e que evitar. Por outro lado, máis pasivo, as **razóns xustificativas** dan conta das interpretacións fundadas e serven para motivalas xuridicamente.

3.4.1. Directrices hermenéuticas: os canons interpretativos

A interpretación xurídica guíase por directrices ou regras heurísticas coñecidas como *canons*. Os **canons** da interpretación son os estándares normativos que debe seguir o intérprete, a xuízo de quen os propón. O seu contido depende das teorías prescritivas da interpretación e son formulados principalmente pola xurisprudencia e pola doutrina, aínda que tamén hai canons legais. Poden ser preceptivos ou dispositivos, segundo sexan ou non de seguimento obrigado.

Os **canons preceptivos** ou vinculantes esixen a aplicación dunha determinada regra ou opción interpretativa. Son normas xurídicas de formulación legal ou xurisprudencial que vinculan ao intérprete como o resto do ordenamento xurídico. O principal é o **deber de interpretar as disposicións xurídicas segundo os preceptos e principios constitucionais**, conforme á interpretación destes que faga o Tribunal Constitucional. Na propia Constitución hai un precepto interpretativo, o artigo 10.2: «As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece, interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España». Outro importante precepto interpretativo é o artigo 3.1 do Código Civil: «As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e lexislativos, e a realidade social do tempo no que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade de aquelas». Este artigo é así mesmo interpretable, pero parece sinalar ao intérprete os materiais onde ten que indagar –nas palabras, na historia e no contexto xurídico e social– e, sobre todo, *que* debe indagar (obxectivo da interpretación): a razón de ser das normas, o seu «espírito e finalidade» (Pérez Álvarez, 1994). Hai tamén preceptos sobre a interpretación dos contratos (artigos 1281 a 1289 C.Civ.), dos tratados internacionais, e outros.

Os **canons dispositivos** ou optativos son **instrucións** que guían ao intérprete, sen vinculalo xuridicamente, cara a algún criterio ou técnica específicos e de acordo cunha particular doutrina interpretativa. Poden ser legais, pero o habitual é que sexan de formulación xurisprudencial ou doutrinal. Entre os xuristas circulan máximas que recollen principios hermenéuticos herdados do Dereito Romano e da tradición que son a miúdo seguidos ou invocados, aínda que non sempre son compatibles entre si. Por exemplo: *Inclusio unius exclusio alterius* (que instrúe a presumir que o excluído do texto legal ten unha regulación diferente ao incluído) ou *Ubi lex non distinguit nec*

nos distinguere debemus (que instrúe a supor que a regulación legal xeneral só ten as excepcións que ela mesma introduce).

Os canons interpretativos, sexan preceptos vinculantes ou guías orientadoras, poden clasificarse en dous niveis. No primeiro están as regras de interpretación propiamente ditas, que din onde, con que e como indagar e que fins perseguir. No segundo nivel están as regras de uso e de prioridade, que din como aplicar as regras interpretativas primarias e cales delas prevalecen en caso de conflito.

3.4.2. Razóns xustificativas: os argumentos interpretativos

As pautas ou directivas interpretativas preséntanse como regras heurísticas ou canons que guían a interpretación e se reflicten nas regras xustificativas ou argumentos cos que o intérprete fundamenta (motiva) as súas conclusións. Por tanto un «argumento» da interpretación xurídica expresa un razoamento xustificado polas directrices hermenéuticas, o cal pode ser esgrimido como motivación adecuada da solución interpretativa. Distinguir entre «razoamentos» (argumentacións) e «argumentos» (razóns) é estipulativo e discutible, pero salienta unha diferenza que convén percibir entre as razóns que levan ao xurista a unha interpretación (descubrimento) e as razóns coas que pode explicala e defendela (xustificación). Os estudos sobre interpretación e argumentación xurídica adoitan prestar atención aos argumentos típicos dos xuristas (así Tarello, 1980); pero non sempre diferencian axeitadamente os argumentos que resultan de regras de inferencia xurídicas (*a contrario, a fortiori...*), de criterios sobre os elementos relevantes para a interpretación (*sedes materiae, ad coherentiam ...*), e de teorías e directrices sobre que debe buscar o intérprete (*stricta lege, mens legislatoris...*).

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Preguntas para responder nas clases interactivas

Como se indicou no apartado de metodoloxía, nas clases interactivas discutiránse unhas preguntas previamente formuladas relativas a Unidade. Cada alumno/a deberá preparar e expoñer a súa resposta a unha delas, asignada por sorteo ao inicio do curso, e entregar no día da presentación unha folla cun resumo do seu traballo. As presentacións faranse por bloques, de xeito que o alumnado que teña a mesma pregunta sairá á tarima conxuntamente, aínda que as exposicións serán individuais e como tal serán avaliadas. Cada persoa terá un tempo de entre cinco e dez minutos, en función do número de participantes. Logo das presentacións de cada pregunta haberá un breve debate co profesor e co resto da clase.

Entre as preguntas que poderían ser asignadas para responder estarían:

- A interpretación xurídica debe respectar ou mellorar a disposición interpretada?
- O teor literal da disposición debe supeditarse á súa finalidade?
- A interpretación xurídica debe seguir un criterio xeral ou adaptarse ao caso?

- Importa máis a vontade do lexislador ou o sentido obxectivo da norma?
- Cómpre indagar a intención dos autores das normas nos traballos preparatorios?
- Cando a interpretación ten que declarar o sentido da norma e cando corríxilo?
- Nas normas importa máis o que perseguía o seu autor ou o que interesa agora?
- Como opera o criterio sistemático na interpretación das normas xurídicas?
- Cando procede argumentar *a contrario sensu*?
- Cando procede a interpretación extensiva e cando a restritiva?
- Son equivalentes a interpretación extensiva e o recurso á analoxía?
- Cando procede argumentar *a fortiori*?
- Cando pode rexeitarse por absurda unha interpretación literal?
- A interpretación xurídica intervén na determinación dos feitos?
- Hai criterios distintos da autoridade para avaliar unha interpretación xurídica?

Exercicios de reflexión

Na exposición do contido da Unidade, algúns apartados conteñen recadros con exemplos, e nalgúns casos preguntas, sobre os que sería aconsellable reflexionar, como traballo autónomo complementario ás clases. Outras cuestións para pensar poderían ser as seguintes:

- Kelsen (1960, cap. VIII) escribe por un lado da interpretación dos xuíces e doutras autoridades de aplicación e por outro da interpretación científica ou doutrinal. Son os seus xuízos descrições ou prescrições? Son convincentes?
- Guastini (1999, cap. I) di que falar de interpretación de normas pode ser correcto ou non segundo se por «norma» se entende o texto normativo ou o significado que contén. Que diferenza hai? É importante?

AVALIACIÓN

A avaliación desta unidade farase conxuntamente coas demais mediante un exame e tendo en conta tamén a participación nas clases interactivas e outras actividades docentes. O exame será normalmente escrito na data que oficialmente se fixe, pero quen o solicite poderá facelo antes oralmente. Para aprobar a materia é preciso obter unha nota mínima de 4 no exame.

Na avaliación da participación nas clases interactivas terase en conta a contribución frutífera á discusión tanto nas intervencións programadas obrigatorias como nas espontáneas. Tamén contará a folla-resumo que debe entregarse coa intervención obrigatoria. Na exposición, tanto oral como escrita, valorarase o rigor, a organización e a orixinalidade, así como o esforzo de preparación. Pola contra, penalizarase o plaxio.

A asistencia ás clases interactivas é obrigatoria e será controlada e valorada. A asistencia ás clases teóricas é voluntaria e non será obxecto de control, pero a participación activa nelas tamén será avaliada positivamente.

No seu caso, poranse a disposición do alumnado exercicios de autoavaliación no Campus Virtual.

RECURSOS

Nestas revistas especializadas en Filosofía do Dereito hai bos traballos sobre interpretación xurídica:

- [Analisi e diritto. Ricerche di giurisprudenza analitica](#) (Italia):
- [Cuadernos Electrónicos de Filosofía del Derecho](#) (España):
- [Derechos y libertades](#) (España)
- [Doxa. Cuadernos de Filosofía del Derecho](#) (España):
- [Isonomía. Revista de Teoría y Filosofía del Derecho](#) (México)
- [Revista Telemática de Filosofía del Derecho](#) (España)

BIBLIOGRAFÍA

Manuais e textos introdutorios

A interpretación xurídica é obxecto de estudo en practicamente todos os manuais de Teoría do Dereito. Velaquí algúns deles:

CALVO GARCÍA, Manuel (2000), *Teoría del Derecho*, Madrid: Tecnos, 2ª ed., cap. VI.

LUCAS, Javier DE (ed.) (1997), *Introducción a la Teoría del Derecho*, Valencia: Tirant lo Blanch, 3ª ed.

MARTÍNEZ ROLDÁN, Luis e FERNÁNDEZ SUÁREZ, J.A. (2006), *Curso de Teoría del Derecho*, Barcelona: Ariel, 4ª ed., caps. 18-19.

MORESO, J.J. e VILAJOSANA, J.Mª (2004), *Introducción a la Teoría del Derecho*, Madrid: Marcial Pons, cap. 6.

NINO, Carlos Santiago (2013), *Introducción al análisis del Derecho*, Barcelona: Ariel, 2013, 10ª ed. (sobre a ed. de 1980), cap. V.

PECES-BARBA, Gregorio *et al.* (2003), *Curso de Teoría del Derecho*, Madrid: Marcial Pons, 2ª ed., cap. 9.

PRIETO SANCHÍS, Luis (2005), *Apuntes de Teoría del Derecho*, Barcelona, Trotta, caps. 21-24.

SEGURA ORTEGA, Manuel (2008), *Lecciones de Teoría del Derecho*, Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces, cap. VIII.

Estes dous textos accesibles en Internet sintetizan algúns dos contidos da Unidade:

LIFANTE VIDAL, Isabel (2015), «[Interpretación jurídica](#)», en J.L. FABRA ZAMORA e V. RODRÍGUEZ BLANCO (eds.), *Enciclopedia de Filosofía y Teoría del Derecho*, vol. 2, México, D.F.: Universidad Nacional Autónoma de México, pp. 1349-1387.

RODRÍGUEZ-TOUBES MUÑIZ, Joaquín (2014), «[Aspectos de la interpretación jurídica. \(Un mapa conceptual\)](#)», *Anuario de Filosofía del Derecho*, XXX, pp. 309-339.

Obras de referencia

Todas as contribucións importantes á Teoría e á Filosofía do Dereito ocúpanse da interpretación. As súas achegas son sempre de interese e fonte inesgotable de comentarios e discusións. Así ocorre con estes «clásicos» do século XX:

HART, H.L.A. (1961), *The Concept of Law*, Oxford: Oxford University Press, 1961 (hai 3ª ed. de 2012, póstuma, con «Postscript»), cap. VII. Hai trad. esp. de G. R. Carrió: *El concepto de Derecho*, Buenos Aires: Abeledo-Perrot, 1990 (2ª ed.), cap. VII.

KELSEN, Hans (1960), *Reine Rechtslehre*, Viena: Franz Deuticke (2ª ed.; 1ª 1934), cap. VII. Hai trad. esp. de R. Vernengo: *Teoría Pura del Derecho*, México: Porrúa, 1991.

ROSS, Alf (1958), *On Law and Justice*, Londres: Stevens and Sons (versión do orix. danés *Om Ret og Retfærdighed*, 1953), cap. IV. Hai trad. esp. de G. R. Carrió: *Sobre el Derecho y la Justicia*, Buenos Aires: Eudeba, 2005 (3ª ed.; 1ª 1963).

Monografías

A literatura especializada sobre interpretación xurídica é moi abundante e variada. Velaquí unha escolma:

ATIENZA, Manuel (2013), *Curso de argumentación jurídica*, Madrid: Trotta, 2013.

CHIASSONI, Pierluigi (2007), *Tecnica dell'interpretazione giuridica*, Bologna: Il Mulino. Hai ed. revisada con trad. esp. de P. Luque Sánchez e M. Narváez Mora: *Técnicas de interpretación jurídica. Breviario para juristas*, Madrid: Marcial Pons, 2011.

DWORKIN, Ronald (1985), *A Matter of Principle*, Cambridge (Mass.): Harvard University Press. Hai trad. esp. de V. Boschioli: *Una cuestión de principios*, Buenos Aires: Siglo Veintiuno, 2012.

GUASTINI, Riccardo (1999), [Estudios sobre la interpretación jurídica](#), trad. de M. Gascón e M. Carbonell, México D.F.: UNAM; e México: Porrúa, 2010 (9ª ed.).

– (2011), *Interpretare e argomentare*, Milano: Giuffrè. Hai trad. esp. de S. Álvarez: *Interpretar y argumentar*, Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2014.

HERNÁNDEZ MARÍN, Rafael (1999), *Interpretación, subsunción y aplicación del Derecho*, Madrid/Barcelona: Marcial Pons.

LIFANTE VIDAL, Isabel (1999), *La interpretación jurídica en la teoría del Derecho contemporánea*, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.

MARMOR, Andrei (1992), *Interpretation and Legal Theory*, Oxford: Clarendon Press. Hai trad. esp. de M. Mendoza Hurtado: *Interpretación y Teoría del Derecho*, Barcelona: Gedisa, 2001.

PÉREZ ÁLVAREZ, Miguel Ángel (1994), *Interpretación y jurisprudencia. Estudio del artículo 3.1 del Código Civil*, Madrid: Aranzadi.

TARELLO, Giovanni (1980), *L'interpretazione della legge*, Milano: Giuffrè. Hai trad. esp. de D. Dei Vecchi: *La interpretación de la ley*, Lima: Palestra, 2013.

- SAVIGNY, Friedrich Karl von (1840), *System des heutigen römischen Rechts*, Berlin (1840-1849?). Hay trad. de M.Ch. Guenoux vertida ao esp. por J. Mesía e M. Poley: *Sistema del derecho romano actual*, 6 vols., Madrid: F. Góngora y Compañía, 1878. O cap. IV do libro I está en: SAVIGNY, «[Interpretación de las Leyes](#)», *Revista de la Facultad de Ciencias Jurídicas y Políticas* [Universidad de Carabobo, Venezuela], 6 (2010), pp. 401-418.
- SCALIA, Antonin e GARNER, Bryan A. (2012), *Reading Law: The Interpretation of Legal Texts*, St. Paul (Minn.), Thomson/West.
- RAZ, Joseph (2009), *Between Authority and Interpretation*, Oxford: Oxford University Press.
- WRÓBLEWSKI, Jerzy (1985), *Constitución y teoría general de la interpretación jurídica*, trad. esp. de A. Azurra e rev. de J. Igartua, Madrid: Civitas.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA